

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

- 4765** *Real decreto 337/2010, do 19 de marzo, polo que se modifican o Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizo de prevención; o Real decreto 1109/2007, do 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción, e o Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde en obras de construción.*

As modificacións contidas neste real decreto responden integramente á adaptación do ordenamento xurídico aos obxectivos fixados pola Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo para o período 2007-2012.

A práctica totalidade do contido do real decreto diríxese á modificación do Regulamento dos servizos de prevención aprobado polo Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro. Non obstante, inclúense modificacións puntuais no Real decreto 1109/2007, do 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción e se derroga expresamente o artigo 18 do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, por necesidades derivadas da adaptación da Directiva sobre servizos de mercado interior.

En canto á modificación do Regulamento de servizos de prevención, poden distinguirse dúas áreas temáticas: a dirixida a facilitar o cumprimento da normativa de prevención ás empresas, en particular para as pequenas e medianas, dun lado e, doutro, a encamiñada a mellorar a calidade e eficacia dos sistemas de prevención de riscos laborais, con especial atención ás entidades especializadas que actúan como servizos de prevención.

En canto ao primeiro, preténdese lograr un mellor e máis eficaz cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais nas empresas. Para iso, e sen mingua da calidade, preténdese racionalizar e simplificar a súa xestión en prevención de riscos laborais, o que se consegue, en primeiro lugar, permitindo ás empresas de ata 50 traballadores que non desenvolvan actividades do anexo I do Regulamento dos servizos de prevención que poidan realizar de xeito simplificado o plan de prevención de riscos laborais, a avaliación de riscos e a planificación da actividade preventiva, sempre que isto non supoña unha redución do nivel de protección da seguridade e saúde dos traballadores, para o cal contarán co apoio dunha guía orientativa do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo; en segundo lugar, que estas mesmas empresas que realicen as actividades preventivas mediante recursos propios dispoñan dun proceso simplificado de auditoría dos seus sistema de xestión da prevención e, en terceiro lugar, ampliando de seis a dez o número de traballadores das empresas en que o empresario pode asumir de xeito persoal o desenvolvemento da actividade preventiva.

En canto ao segundo, o real decreto incide en importantes cuestións que inflúen significativamente na calidade e eficacia do sistema de prevención de riscos laborais das empresas, así como a participación das entidades especializadas que deben intervir xunto ao empresario na mellora das condicións de seguridade e saúde dos traballadores. Todas estas cuestións foron obxecto de debate e discusión, primeiro globalmente nun grupo de traballo constituído pola Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas e seguidamente, de forma ordenada e sistemática, coas organizacións sindicais e empresariais. Do citado proceso de debate resultou un documento de consenso referido ás «actuacións para a mellora da calidade e eficacia do sistema de prevención de riscos laborais», que guiou a elaboración do presente real decreto nestas cuestións e que deberá dirixir igualmente o ulterior desenvolvemento normativo que completará a reforma.

As liñas establecidas no real decreto que marcan a reforma dirixida á mellora da calidade e a eficacia do sistema de prevención de riscos laborais son as seguintes:

1. Dótase o sistema de prevención de riscos laborais de fortaleza e solidez. Isto, pola súa vez, implica constituír un marco xurídico máis seguro para os que operan neste sector, para o cal: adécuase o procedemento de acreditación das devanditas entidades especializadas conforme o sinalado na recente modificación da Lei de prevención de riscos laborais por parte da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, no sentido de establecer unha acreditación única para estas entidades (eliminando o trámite de acreditación provisional existente ata a data); salvagárdase o papel que o dito sistema outorga ás entidades especializadas, definindo mellor tanto os requisitos de acreditación como o campo de actuación (e de exclusión) de tales servizos. A mellor definición dos requisitos de acreditación garante, por outro lado, unha homoxeneidade na acreditación da entidade especializada en todo o territorio español, con independencia da comunidade autónoma que a outorgase; defínense as causas de revogación da acreditación e o procedemento correspondente, coas debidas garantías. Neste sentido, refórzase a intervención das distintas autoridades laborais de tal maneira que, sen alterar o sistema de acreditación actual, cada comunidade autónoma poida comprobar no seu territorio o mantemento dos requisitos das entidades especializadas para poder actuar como servizo de prevención alleo.

2. Favorécese o aumento da calidade do servizo que prestarán ás empresas as entidades especializadas, o que se consegue, en primeiro lugar, mediante unha definición máis completa do contido dos concertos de servizo de prevención alleo coas empresas, como garantía ineludible para estas e para os traballadores da cobertura que lles debe dispensar a entidade; en segundo lugar, sentando as bases dos recursos, tanto humanos coma materiais, de que deben dispor os servizos de prevención alleos para prestar un servizo de calidade, que deben estar en relación con factores diversos, en especial, tamaño e actividade das empresas e número de traballadores cubertos polos concertos. Isto exixirá, en todo caso, unha orde para o seu desenvolvemento. Tamén se prevé o desenvolvemento adicional en canto á configuración das áreas dos servizos de prevención que se ocupen da especialidade de medicina do traballo, para cuxo efecto se establece nunha disposición derradeira a necesidade dunha norma regulamentaria, que deberán aprobar os ministerios de Sanidade e Política Social e de Traballo e Inmigración, que conteña o marco xurídico do acordo de criterios básicos sobre a organización de recursos para desenvolver a actividade sanitaria dos servizos de prevención; en terceiro lugar, poténciase a interdisciplinabilidade dos servizos de prevención alleos, que deberán dispor para a súa acreditación das catro especialidades ou disciplinas preventivas fixadas no Regulamento dos servizos de prevención, sen prexuízo de establecer un prazo de adaptación dun ano para as entidades xa acreditadas.

3. Defínense e clarifícanse os requisitos dos servizos de prevención mancomunados de acordo coas recomendacións da Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo 2007-2012, para o cal se toman como referencia os dos servizos de prevención alleos, ben que con certa modulación ao terse presente o criterio de potenciación dos recursos propios que tamén marca a Estratexia.

4. Mellórase o tratamento da información das entidades especializadas e permítense un mellor coñecemento dos datos polas autoridades e os cidadáns, para o cal se modifica o contido da disposición referente a rexistros das entidades especializadas e así, fíxanse as finalidades de uso dos datos que se incorporarán a eles, propíciase a comunicación telemática dos ditos datos e a interconexión dos rexistros autonómicos mediante a creación dunha base de datos informática xestionada polo Ministerio de Traballo e Inmigración, todo isto con expresa salvagarda da confidencialidade da información de acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Por outra parte, incluíronse modificacións no Real decreto 1109/2007, do 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación

no sector da construción, sobre o libro de subcontratación e o cómputo de socios traballadores das cooperativas de traballo asociado.

A disposición derogatoria afecta, en primeiro lugar, a disposición transitoria terceira do Regulamento dos servizos de prevención, sobre acreditación da formación para a realización de funcións de niveis intermedio e superior en materia de prevención de riscos laborais, ao existir na actualidade titulacións oficiais aprobadas polas autoridades competentes que cumpren cos requisitos de formación mínima exixidos nos artigos 36 e 37 da citada norma; e, en segundo lugar, o artigo 18 do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción en materia de aviso previo en consonancia coa modificación introducida neste sentido no Real decreto lei 1/1986 pola Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, que introduce un novo número 3 no artigo 6 co obxectivo de refundir nun só os trámites de aviso previo e comunicación de apertura do centro de traballo.

A nova redacción do artigo 18 do Regulamento dos servizos de prevención implica a derogación do seu número 4, sobre posibilidade de eximir, por parte da autoridade laboral, do cumprimento dalgúns condicións exixidas aos servizos de prevención alleos en coherencia co sentido da reforma, que promove a total interdisciplinabilidade destas entidades especializadas. Non obstante, modúlase o efecto desta derogación co sinalado no segundo parágrafo da disposición transitoria primeira.

Este real decreto dítase de conformidade co artigo 6 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, e da disposición derradeira terceira da Lei 25/2009, do 22 de decembro, e na súa elaboración foron consultadas as organizacións sindicais e empresariais máis representativas e oída a Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de marzo de 2010,

#### DISPOÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.*

O Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, queda modificado como segue:

Un. Engádesse un novo número 4 ao artigo 2, coa seguinte redacción:

«4. As empresas de ata 50 traballadores que non desenvolvan actividades do anexo I poderán reflectir nun único documento o plan de prevención de riscos laborais, a avaliación de riscos e a planificación da actividade preventiva.

Este documento será de extensión reducida e de doada comprensión, deberá estar plenamente adaptado á actividade e ao tamaño da empresa e establecerá as medidas operativas pertinentes para realizar a integración da prevención na actividade da empresa, os postos de traballo con risco e as medidas concretas para evitalos ou reducilos, xerarquizadas en función do nivel de riscos, así como o prazo para a súa execución.»

Dous. O número 1 do artigo 11 queda redactado do seguinte xeito:

«1. O empresario poderá desenvolver persoalmente a actividade de prevención, con excepción das actividades relativas á vixilancia da saúde dos traballadores, cando concorran as seguintes circunstancias:

- a) Que se trate de empresa de ata dez traballadores.
- b) Que as actividades desenvolvidas na empresa non estean incluídas no anexo I.

c) Que desenvolva de forma habitual a súa actividade profesional no centro de traballo.

d) Que teña a capacidade correspondente ás funcións preventivas que vai desenvolver, de acordo co establecido no capítulo VI»

Tres. O número 5 do artigo 15 queda redactado do seguinte xeito:

«5. A empresa deberá elaborar anualmente e manter á disposición das autoridades laborais e sanitarias competentes e do comité de seguridade e saúde a memoria e programación anual do servizo de prevención a que se refire a alínea d) do número 2 do artigo 39 da Lei de prevención de riscos laborais.»

Catro. O artigo 17 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 17. *Requisitos das entidades especializadas para poderen actuar como servizos de prevención alleos.*

1. Poderán actuar como servizos de prevención alleos as entidades especializadas que reúnan os seguintes requisitos:

a) Dispor da organización, as instalacións, o persoal e os equipamentos necesarios para o desempeño da súa actividade.

b) Constituír unha garantía que cubra a súa eventual responsabilidade.

c) Non manter coas empresas concertadas vinculacións comerciais, financeiras ou de calquera outro tipo, distintas das propias da súa actuación como servizo de prevención, que poidan afectar a súa independencia e influír no resultado das súas actividades, sen prexuízo do disposto no artigo 22.

d) Asumir directamente o desenvolvemento das funcións sinaladas no artigo 31.3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, que tivesen concertado.

2. Para actuaren como servizo de prevención alleo, as entidades especializadas deberán ser obxecto de acreditación pola Administración laboral, logo de aprobación da Administración sanitaria, en canto aos aspectos de carácter sanitario. A acreditación dirixirase a garantir o cumprimento dos requisitos de funcionamento mencionados no número anterior.»

Cinco. O artigo 18 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 18. *Recursos materiais e humanos das entidades especializadas que actúen como servizos de prevención alleos.*

1. As entidades especializadas que actúen como servizos de prevención alleos deberán contar coas instalacións e os recursos materiais e humanos que lles permitan desenvolver adecuadamente a actividade preventiva que tiveren concertado, tendo en conta o tipo, extensión e frecuencia dos servizos preventivos que deben prestar, o tipo de actividade desenvolvida polos traballadores das empresas concertadas e a situación e tamaño dos centros de traballo en que a dita prestación debe desenvolverse, de acordo co que se estableza nas disposicións de desenvolvemento deste real decreto.

2. En todo caso, as ditas entidades deberán:

a) Contar coa acreditación da autoridade laboral competente nas especialidades ou disciplinas preventivas de medicina do traballo, seguridade no traballo, hixiene industrial, e ergonomía e psicocioloxía aplicada.

b) Dispor, como mínimo, dun técnico que conte coa cualificación necesaria para o desempeño das funcións de nivel superior, de acordo co establecido no capítulo VI, por cada unha das especialidades ou disciplinas preventivas sinaladas no parágrafo anterior, salvo no caso da especialidade de medicina do traballo, que exixirá contar, polo menos, cun médico especialista en medicina do traballo ou

diplomado en Medicina de Empresa e un ATS/DUE de empresa. Así mesmo, deberán dispor do persoal necesario que teña a capacitación requirida para desenvolver as funcións dos niveis básico e intermedio previstas no capítulo VI, en función das características das empresas cubertas polo servizo.

Os expertos nas especialidades mencionadas actuarán de forma coordinada, en particular en relación coas funcións relativas ao deseño preventivo dos postos de traballo, a identificación e avaliación dos riscos, os plans de prevención e os plans de formación dos traballadores.

c) Dispor nos ámbitos territorial e de actividade profesional en que desenvolvan a súa actividade, como mínimo, das instalacións e instrumentación necesarias para realizar as probas, recoñecementos, medicións, análises e avaliacións habituais na práctica das especialidades citadas, así como para o desenvolvemento das actividades formativas e divulgativas básicas, nos termos que determinen as disposicións de desenvolvemento deste real decreto.

3. Sen prexuízo da necesaria coordinación indicada no número 2 deste artigo, a actividade sanitaria contará, para o desenvolvemento da súa función dentro do servizo de prevención, coa estrutura e medios adecuados á súa natureza específica e a confidencialidade dos datos médicos persoais.»

Seis. O número 2 do artigo 19 queda modificado nos seguintes termos:

«2. As entidades asumirán directamente o desenvolvemento daquelas funcións sinaladas no artigo 31.3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, que tiveren concertado e contribuirán á efectividade da integración das actividades de prevención no conxunto de actividades da empresa e en todos os niveis xerárquicos desta, sen prexuízo de que poidan:

a) Subcontratar os servizos doutros profesionais ou entidades cando sexa necesario para a realización de actividades que requiran coñecementos especiais ou instalacións de gran complexidade.

b) Dispor, mediante arrendamento ou negocio similar, de instalacións e medios materiais que estimen necesarios para prestar o servizo en condicións e cun tempo de resposta adecuado, sen prexuízo da obriga de contar con carácter permanente cos recursos instrumentais mínimos a que se refire o artigo 18.»

Sete. Modifícase o artigo 20, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 20. *Concerto da actividade preventiva.*

1. Cando o empresario non conte con suficientes recursos propios para o desenvolvemento da actividade preventiva e deba desenvolvela a través dun ou varios servizos de prevención alleos á empresa, deberá concertar por escrito a prestación. O dito concerto consignará, como mínimo, os seguintes aspectos:

a) Identificación da entidade especializada que actúa como servizo de prevención alleo á empresa.

b) Identificación da empresa destinataria da actividade, así como dos centros de traballo daquela aos que a devandita actividade se contrae. Cando se trate de empresas que realicen actividades sometidas á normativa de seguridade e saúde en obras de construción, incluírá expresamente a extensión das actividades concertadas ao ámbito das obras en que interveña a empresa.

c) Especialidade ou especialidades preventivas obxecto do concerto con indicación para cada unha delas das funcións concretas asumidas das previstas no artigo 31.3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, e das actuacións concretas que se realizarán para o desenvolvemento das funcións asumidas, no período de vixencia do concerto. As ditas actuacións serán desenvolvidas de acordo coa planificación da actividade preventiva e a programación anual propostas polo servizo e aprobadas pola empresa.

Agás que as actividades se realicen con recursos preventivos propios e así se especifique no concerto, este deberá consignar:

1.º Se se concerta a especialidade de seguridade no traballo, o compromiso do servizo de prevención alleo de identificar, avaliar e propor as medidas correctoras que procedan, considerando para iso todos os riscos desta natureza existentes na empresa, incluíndo os orixinados polas condicións das máquinas, equipamentos e instalacións e a verificación do seu mantemento axeitado, sen prexuízo das actuacións de certificación e inspección establecidas pola normativa de seguridade industrial, así como os derivados das condicións xerais dos lugares de traballo, os locais e as instalacións de servizo e protección.

2.º Se se concerta a especialidade de hixiene industrial, o compromiso do servizo de prevención alleo de identificar, avaliar e propor as medidas correctoras que procedan, considerando para iso todos os riscos desta natureza existentes na empresa, e de valorar a necesidade ou non de realizar medicións ao respecto, sen prexuízo da inclusión ou non destas medicións nas condicións económicas do concerto.

3.º Se se concerta a especialidade de ergonomía e psicocioloxía aplicada, o compromiso do servizo de prevención alleo de identificar, avaliar e propor as medidas correctoras que procedan, considerando para iso todos os riscos desta natureza existentes na empresa.

4.º O compromiso do servizo de prevención alleo de revisar a avaliación de riscos nos casos exixidos polo ordenamento xurídico, en particular, con ocasión dos danos para a saúde dos traballadores que se producisen.

5.º Cando se trate de empresas que contén con centros de traballo sometidos á normativa de seguridade e saúde en obras de construción, especificaranse as actuacións que se desenvolverán de acordo coa normativa aplicable.

d) A obriga do servizo de prevención de realizar, coa periodicidade que requiran os riscos existentes, a actividade de seguimento e valoración da implantación das actividades preventivas derivadas da avaliación.

e) A obriga do servizo de prevención de efectuar na memoria anual das súas actividades na empresa a valoración da efectividade da integración da prevención de riscos laborais no sistema xeral de xestión da empresa a través da implantación e aplicación do plan de prevención de riscos laborais en relación coas actividades preventivas concertadas.

f) O compromiso do servizo de prevención de dedicar anualmente os recursos humanos e materiais necesarios para a realización das actividades concertadas.

g) O compromiso da empresa de comunicar ao servizo de prevención alleo os danos á saúde derivados do traballo.

h) O compromiso da empresa de comunicar ao servizo de prevención alleo as actividades ou funcións realizadas con outros recursos preventivos e/ou outras entidades para facilitar a colaboración e coordinación de todos eles.

i) A duración do concerto.

j) As condicións económicas do concerto, coa expresa relación das actividades ou funcións preventivas non incluídas naquelas condicións.

k) A obriga do servizo de prevención alleo de asesorar o empresario, os traballadores e os seus representantes e os órganos de representación especializados, nos termos establecidos na normativa aplicable.

l) As actividades preventivas concretas que sexan legalmente exixibles e que non quedan cubertas polo concerto.

2. Sen prexuízo do establecido no artigo 28.2.b), as entidades especializadas que actúen como servizos de prevención deberán manter á disposición das autoridades laborais e sanitarias competentes unha memoria anual na que incluírán de forma separada as empresas ou centros de traballo aos cales se prestou servizos durante o dito período, indicando en cada caso a natureza destes.

Igualmente, deberán facilitar ás empresas para as cales actúen como servizos de prevención a memoria e a programación anual a que se refire o número 2.d) do artigo 39 da Lei de prevención de riscos laborais, co fin de que poida ser coñecida polo comité de seguridade e saúde nos termos previstos no artigo citado.»

Oito. Modifícase o artigo 21, que queda redactado como segue:

«Artigo 21. *Servizos de prevención mancomunados.*

1. Poderanse constituír servizos de prevención mancomunados entre aquelas empresas que desenvolvan simultaneamente actividades nun mesmo centro de traballo, edificio ou centro comercial, sempre que quede garantida a operatividade e eficacia do servizo nos termos previstos no número 3 do artigo 15 desta disposición.

Por negociación colectiva ou mediante os acordos a que se refire o artigo 83, número 3 do Estatuto dos traballadores, ou, no seu defecto, por decisión das empresas afectadas, poderá acordarse, igualmente, a constitución de servizos de prevención mancomunados entre aquelas empresas pertencentes a un mesmo sector produtivo ou grupo empresarial ou que desenvolvan as súas actividades nun polígono industrial ou área xeográfica limitada.

As empresas que teñan obriga legal de dispor dun servizo de prevención propio non poderán formar parte de servizos de prevención mancomunados constituídos para as empresas dun determinado sector, aínda que si dos constituídos para empresas do mesmo grupo.

2. No acordo de constitución do servizo mancomunado, que se deberá adoptar logo de consulta aos representantes legais dos traballadores de cada unha das empresas afectadas nos termos establecidos no artigo 33 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, deberán constar expresamente as condicións mínimas en que tal servizo de prevención debe desenvolverse.

Por outra parte, de conformidade co disposto no artigo 39.1.a) da indicada lei, as condicións en que o dito servizo de prevención debe desenvolverse deberán debaterse, e de ser o caso serán acordadas, no seo de cada un dos comités de seguridade e saúde das empresas afectadas.

Así mesmo, o acordo de constitución do servizo de prevención mancomunado deberá comunicarse con carácter previo á autoridade laboral do territorio onde radiquen as súas instalacións principais no suposto de que tal constitución non fose decidida no marco da negociación colectiva.

3. Os ditos servizos, teñan ou non personalidade xurídica diferenciada, terán a consideración de servizos propios das empresas que os constituán e deberán contar con, polo menos, tres especialidades ou disciplinas preventivas. Para poder constituírse, deberán dispor dos recursos humanos mínimos equivalentes aos exixidos para os servizos de prevención alleos de acordo co establecido neste regulamento e nas súas disposicións de desenvolvemento. En canto aos recursos materiais, tomaranse como referencia os que se establecen para os servizos de prevención alleos, con adecuación á actividade das empresas. A autoridade laboral poderá formular requirimentos sobre a adecuada dotación de medios humanos e materiais.

4. A actividade preventiva dos servizos mancomunados limitarase ás empresas participantes.

5. O servizo de prevención mancomunado deberá ter á disposición da autoridade laboral e da autoridade sanitaria a información relativa ás empresas que o constituén e ao grao e forma de participación destas.»

Nove. Modifícase o artigo 23, que queda redactado como segue:

«Artigo 23. *Solicitud de acreditación.*

As entidades especializadas que pretendan ser acreditadas como servizos de prevención deberán formular solicitude ante a autoridade laboral competente do

lugar onde radiquen as súas instalacións principais, na cal se fagan constar os seguintes datos:

- a) Nome ou denominación social, número de identificación fiscal e código de conta de cotización á Seguridade Social.
- b) Aspectos da actividade preventiva que pretende efectuar, especificando os tipos de actividade que teñen capacidade de desenvolver.
- c) Ámbito territorial e de actividade profesional en que pretende actuar, así como previsión do número de empresas e volume de traballadores nos que ten capacidade para estender a súa actividade preventiva, en función dos recursos humanos e materiais previstos.
- d) Previsión de dotación de persoal para o desempeño da actividade preventiva, debidamente xustificada, que deberá ser efectiva no momento en que a entidade empece a prestar servizos, e con indicación da súa cualificación profesional e dedicación, especificando o seu ámbito territorial de prestación de servizos.
- e) Identificación das instalacións, dos medios instrumentais e da súa respectiva localización.
- f) Compromiso de ter subscrita unha póliza de seguro ou garantía financeira equivalente que cubra a súa responsabilidade, por unha contía mínima de 1.750.000 euros, efectiva no momento en que a entidade empece a prestar servizos. O importe da cobertura será actualizado anualmente en función da evolución do índice de prezos de consumo, sen que a citada contía constitúa o límite da responsabilidade do servizo.
- g) Os contratos ou acordos que se vaian establecer, de ser o caso, con outras entidades para a realización de actividades que requiran coñecementos especiais ou instalacións de gran complexidade.»

Dez. O artigo 24 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 24. *Autoridade competente.*

1. Será autoridade laboral competente para coñecer das solicitudes de acreditación formuladas polas entidades especializadas que pretendan actuar como servizos de prevención o órgano competente da comunidade autónoma ou da cidade con estatuto de autonomía onde radiquen as súas instalacións principais. Esa mesma autoridade laboral será competente para coñecer, se é o caso, da revogación da acreditación.

2. A acreditación outorgada será única e terá validez en todo o territorio español, conforme o procedemento regulado a continuación.»

Once. O artigo 25 queda modificado coa seguinte redacción:

«Artigo 25. *Procedemento de acreditación.*

1. Recibida a solicitude sinalada no artigo 23, a autoridade laboral remitirá copia á autoridade sanitaria competente do lugar en que radiquen as instalacións principais da entidade especializada, para os fins previstos no número 5 do artigo 31 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais. A dita autoridade sanitaria comunicará á autoridade laboral a súa decisión acerca da aprobación do proxecto en canto aos requisitos de carácter sanitario.

2. Ao mesmo tempo, a autoridade laboral competente solicitará informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social e dos órganos técnicos en materia preventiva das comunidades autónomas ou, no caso das cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e de Melilla, do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, así como aqueloutros que considere necesarios acerca dos aspectos non previstos no número anterior.

3. A autoridade laboral competente solicitará informe preceptivo de todas as comunidades autónomas en que a entidade indicase que pretende desenvolver a



súa actividade. A autoridade sanitaria competente fará o mesmo respecto das autoridades sanitarias afectadas e en relación á comprobación do cumprimento dos requisitos sanitarios.

O informe das autoridades laborais afectadas versará sobre a suficiencia dos medios materiais e humanos de que vai dispor a entidade solicitante e manifestarase sobre a procedencia ou improcedencia da acreditación.

4. Recibida a solicitude, as autoridades laborais requiridas solicitarán, pola súa vez, informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social e dos seus órganos técnicos territoriais en materia de seguridade e saúde no traballo, así como cantos outros informes consideren necesarios.

5. A autoridade laboral, á vista da decisión da autoridade sanitaria e dos informes emitidos, ditará e notificará a resolución no prazo de tres meses, contados desde a entrada da solicitude no rexistro do órgano administrativo competente para resolver, acreditando a entidade ou denegando a solicitude formulada. O dito prazo ampliarase a seis meses no suposto previsto no número 3.

Transcorrido o dito prazo sen que se notificase resolución expresa, a solicitude poderase entender desestimada por silencio administrativo, de conformidade co artigo 31.6 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

6. Procederá ditar resolución estimatoria por parte da autoridade laboral competente cando se comprobe o cumprimento de todos os extremos sinalados no artigo 23.

A resolución estimatoria, que deberá especificar os ámbitos de actividade da entidade especializada, notificarase ás autoridades laborais afectadas, e tales datos inscribiranse no rexistro a que se refire o artigo 28.

7. Contra a resolución expresa ou presunta da autoridade laboral poderase interpor recurso de alzada no prazo dun mes ante o órgano superior xerárquico correspondente.»

Doce. O artigo 26 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 26. *Mantemento dos requisitos de funcionamento.*

1. As entidades especializadas deberán manter, en todo momento, os requisitos necesarios para actuar como servizos de prevención establecidos neste real decreto e nas súas disposicións de desenvolvemento.

Co fin de garantir o cumprimento desta obriga, as entidades especializadas deberán comunicar á autoridade laboral competente calquera variación que afecte os devanditos requisitos de funcionamento.

2. As autoridades laboral e sanitaria poderán verificar, no ámbito das súas competencias, o cumprimento dos requisitos exixibles para o desenvolvemento das actividades do servizo, comunicando á autoridade laboral que concedeu a acreditación as deficiencias detectadas con motivo de tales verificacións.

3. Se como resultado das comprobacións efectuadas, ben directamente ou a través das comunicacións sinaladas no número anterior, a autoridade laboral que concedeu a acreditación comprobar o incumprimento dos requisitos a que se refire o número anterior, poderá revogar total ou parcialmente a acreditación outorgada conforme o procedemento que se establece no artigo 27. A revogación ou suspensión parcial entenderase referida unicamente ao ámbito territorial de actuación da entidade especializada onde se comprobasen as deficiencias.

4. Así mesmo, a acreditación poderá ser revogada pola autoridade laboral competente, como consecuencia de sanción por infracción grave ou moi grave das entidades especializadas que actúen como servizos de prevención alleos, de acordo co artigo 40.2 da Lei de infraccións e sancións na orde social, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto. Neste caso, o procedemento de revogación iniciarase só en virtude da resolución administrativa firme que aprecie a existencia de infracción grave ou moi grave.»

Trece. Dáselle unha nova redacción ao artigo 27 no seguintes termos:

«Artigo 27. *Revogación da acreditación.*

1. A autoridade laboral competente iniciará o expediente de revogación da acreditación mediante acordo, que se notificará á entidade afectada e que conterá os feitos comprobados e as irregularidades detectadas ou ben o testemuño da resolución sancionadora firme por infracción grave ou moi grave das entidades especializadas que actúen como servizos de prevención alleos, de acordo con artigo 40.2 da Lei de infraccións e sancións na orde social, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

2. As comprobacións previas ao inicio do expediente sobre o mantemento dos requisitos de funcionamento exixibles ao servizo de prevención alleo poderán ser iniciadas de oficio polas autoridades laborais ou sanitarias ou en virtude dos informes emitidos polos órganos especializados de participación e representación dos traballadores nas empresas en materia de prevención de riscos laborais.

3. Se a autoridade que leve a cabo as comprobacións for distinta da autoridade laboral que acreditou o servizo de prevención alleo, remitirá a esta un informe-proposta coa exposición dos feitos comprobados e as irregularidades detectadas.

4. De ser o caso, a autoridade laboral competente poderá solicitar os informes que considere oportunos das autoridades laborais e sanitarias correspondentes aos diversos ámbitos de actuación territorial da entidade especializada, que se deberán emitir no prazo de quince días.

5. Tras as comprobacións iniciais e os informes previstos, a autoridade laboral competente notificaralle á entidade especializada o acordo a que se refire o número 1 e abrirá un prazo de quince días para as alegacións da entidade.

6. Se con posterioridade á fase de alegacións se incorporaren novas actuacións ao expediente, daráselle novamente audiencia á entidade especializada para que formule novas alegacións, con vista ao actuado, por prazo de dez días, ao termo do cal quedará visto o expediente para resolución.

7. A resolución notificarase no prazo máximo de seis meses desde a data do acordo de iniciación do expediente de revogación conforme o número 1 e declarará unha das seguintes opcións:

- a) O mantemento da acreditación.
- b) A suspensión total ou parcial da acreditación cando o expediente se inicie pola circunstancia sinalada no número 3 do artigo anterior.
- c) A revogación definitiva da acreditación cando o expediente se deba á concorrencia da causa prevista no número 4 do artigo anterior.

No caso da alínea b), a resolución deberá fixar o prazo en que a entidade debe reunir as condicións e requisitos para reiniciar a súa actividade e a advertencia expresa de que, no caso contrario, a acreditación quedará definitivamente revogada. Se a entidade especializada notificar o cumprimento das citadas condicións ou requisitos dentro do prazo fixado na resolución, a autoridade laboral competente, logo das comprobacións oportunas, ditará nova resolución no prazo máximo de tres meses para levantar a suspensión acordada ou revogar definitivamente a acreditación.

8. A resolución notificaráselles á entidade especializada, ao resto de autoridades laborais e sanitarias que interviñesen e ao rexistro establecido no artigo 28, onde se anotará, se é o caso, a revogación ou suspensión da acreditación mediante o correspondente asento.

9. De non ter recaído resolución unha vez transcorridos seis meses desde a data do acordo que inicia o expediente de revogación conforme o número 1, sen cómputo das interrupcións imputables á entidade, producirase a caducidade do expediente e archivaranse as actuacións, do que se expedirá testemuño por solicitude do interesado.

10. Así mesmo, de non se ter notificado resolución expresa unha vez transcorridos tres meses desde a data da comunicación pola entidade especializada á autoridade laboral do cumprimento das condicións e requisitos establecidos na resolución que suspendeu a acreditación, producirase a caducidade do procedemento e a resolución en que se declare ordenará o arquivo das actuacións cos efectos previstos no artigo 92 Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

11. Contra as resolucións da autoridade laboral caberá a interposición de recurso de alzada ante o órgano superior xerárquico correspondente nos prazos sinalados no artigo 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.»

Catorce. O artigo 28 queda redactado nos termos seguintes:

«Artigo 28. *Rexistro.*

1. Nos órganos competentes das comunidades autónomas ou da Administración xeral do Estado, no caso das cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e de Melilla, creárase un rexistro no que serán inscritas as entidades especializadas que fosen autorizadas como servizos de prevención, así como as persoas ou entidades especializadas ás cales se lles concedese autorización para efectuar auditorías ou avaliacións dos sistemas de prevención de conformidade co establecido no capítulo V desta disposición.

2. A configuración dos rexistros deberá permitir que, con independencia da autoridade laboral competente que expedise a acreditación:

a) Os cidadáns poidan consultar as entidades especializadas acreditadas como servizos de prevención alleos ou entidades auditoras.

b) As entidades especializadas poidan cumprir as súas obrigas de comunicación de datos relativos ao cumprimento dos requisitos de funcionamento coas autoridades laborais competentes.

c) As autoridades laborais, as autoridades sanitarias, a Inspección de Traballo e Seguridade Social, o Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo así como os órganos técnicos territoriais en materia de seguridade e saúde no traballo poidan ter acceso a toda a información dispoñible sobre as entidades especializadas acreditadas como servizos de prevención alleos ou entidades auditoras, á marxe da autoridade que expedise a acreditación.

3. Os órganos a que se refire o número 1 enviarán á Dirección Xeral de Traballo do Ministerio de Traballo e Inmigración, no prazo de oito días hábiles, copia de todo asento practicado nos seus respectivos rexistros.

4. Os datos que consten nos rexistros das autoridades competentes incorporaranse a unha base de datos cuxa xestión corresponderá á Dirección Xeral de Traballo do Ministerio de Traballo e Inmigración.

A configuración desta base de datos deberalles permitir ás comunidades autónomas que os seus respectivos rexistros cumpran as funcións que se lles atribúen no número 2.

5. As relacións entre as autoridades laborais rexeranse polo principio de cooperación e de acordo co establecido no artigo 4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6. A xestión dos datos que figuren nos rexistros levarase a cabo de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Os datos de carácter persoal non poderán usarse para finalidades distintas daquelas para as que tales datos foron recollidos.»

Quince. O número 3 do artigo 29 queda redactado do seguinte xeito:

«3. Para os efectos previstos no número anterior, as empresas de ata 50 traballadores cuxas actividades non estean incluídas no anexo I que desenvolvan

as actividades preventivas con recursos propios e nas que a eficacia do sistema preventivo resulte evidente sen necesidade de recorrer a unha auditoría polo limitado número de traballadores e a escasa complexidade das actividades preventivas, considerarase que cumpriron a obriga da auditoría cando completen e remitan á autoridade laboral unha notificación sobre a concorrencia das condicións que non fan necesario recorrer a ela segundo o modelo establecido no anexo II, sempre que a autoridade laboral non aplicase o previsto no número 4 deste artigo.

A autoridade laboral rexistrará e ordenará segundo as actividades das empresas as súas notificacións e facilitará unha información globalizada sobre as empresas afectadas aos órganos de participación institucional en materia de seguridade e saúde.»

Dezaseis. O número 4 do artigo 30 queda redactado do seguinte xeito:

«4. A primeira auditoría do sistema de prevención da empresa deberá levarse a cabo dentro dos doce meses seguintes ao momento en que se dispoña da planificación da actividade preventiva.

A auditoría deberá ser repetida cada catro anos, agás cando se realicen actividades incluídas no anexo I deste real decreto, en que o prazo será de dous anos. Estes prazos de revisión ampliaranse en dous anos nos supostos en que a modalidade de organización preventiva da empresa fose acordada coa representación especializada dos traballadores na empresa. En todo caso, deberá repetirse cando así o requira a autoridade laboral, logo de informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social e, de ser o caso, dos órganos técnicos en materia preventiva das comunidades autónomas, á vista dos datos de sinistralidade ou doutras circunstancias que poñan de manifesto a necesidade de revisar os resultados da última auditoría.»

Dezasete. O artigo 33 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 33. *Autorización.*

1. As persoas ou entidades especializadas que pretendan desenvolver a actividade de auditoría do sistema de prevención deberán contar coa autorización da autoridade laboral competente do lugar onde radiquen as súas instalacións principais, logo de solicitude ante esta, na cal se farán constar as previsións sinaladas nas alíneas a), c), d), e) e g) do artigo 23.

2. A autoridade laboral, logo dos informes que estime oportunos, ditará resolución en que autorizará ou denegará a solicitude formulada no prazo de tres meses, contados desde a entrada da solicitude no rexistro do órgano administrativo competente. Transcorrido o dito prazo sen que recaese resolución expresa, a solicitude poderase entender desestimada.

3. Será de aplicación á autorización o previsto para a acreditación nos artigos 24 e 25 así como o disposto no artigo 26 en relación co mantemento das condicións de autorización e a extinción, se é o caso, das autorizacións outorgadas.»

Dezaioito. O número 2 do artigo 37 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Para desempeñar as funcións relacionadas no número anterior será preciso contar cunha titulación universitaria oficial e posuír unha formación mínima acreditada por unha universidade co contido especificado no programa a que se refire o anexo VI, cuxo desenvolvemento terá unha duración non inferior a seiscentas horas e unha distribución horaria adecuada a cada proxecto formativo, respectando a establecida no anexo citado.»

Dezanove. A disposición derradeira primeira queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición derradeira primeira. *Habilitación regulamentaria.*

1. Autorízase o ministro de Traballo e Inmigración, logo de informe da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo, para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación do establecido neste real decreto.

2. O Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo elaborará e manterá actualizada unha guía orientativa, de carácter non vinculante, para a elaboración dun documento único que conteña o plan de prevención de riscos laborais, a avaliación de riscos e a planificación da actividade preventiva, segundo o disposto no artigo 5.3 deste real decreto.»

**Artigo segundo.** *Modificación do Real decreto 1109/2007, do 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.*

Un. Introdúcese un novo número 4 no artigo 11, coa seguinte redacción:

«Nas cooperativas de traballo asociado computaranse para estes efectos tanto os traballadores por conta allea coma os socios traballadores. Os socios traballadores serán computados de xeito análogo aos traballadores por conta allea, atendendo:

- a) Á duración do seu vínculo social.
- b) Ao feito de seren socios traballadores a tempo completo ou a tempo parcial, e
- c) A que superasen a situación de proba ou non.»

Dous. Introdúcese un novo número 3 no artigo 15, coa seguinte redacción:

«3. No libro de subcontratación anotarase a persoa responsable da coordinación de seguridade e saúde na fase de execución da obra así como calquera cambio de coordinador de seguridade e saúde que se produza durante a execución da obra.»

**Artigo terceiro.** *Modificación do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.*

Único. Dáselle unha nova redacción ao número 1 do artigo 19, nos seguintes termos:

«1. A comunicación de apertura do centro de traballo á autoridade laboral competente deberá ser previa ao comezo dos traballos e será presentada unicamente polos empresarios que teñan a consideración de contratistas de acordo co disposto neste real decreto.

A comunicación de apertura incluirá o plan de seguridade e saúde a que se refire o artigo 7 deste real decreto.»

**Disposición adicional primeira.** *Validez de certificacións conforme o sistema de acreditación da formación anterior á entrada en vigor do real decreto.*

Sen prexuízo do disposto no número 1 da disposición derogatoria, os técnicos cuxa formación en materia de prevención de riscos laborais fose acreditada sen efectos académicos mediante certificación, expedida ao abeiro da disposición transitoria terceira do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, obtida antes da entrada en vigor deste real decreto, poderán seguir desempeñando as funcións referidas nos artigos 36 e 37 do Real decreto 39/1997.

Así mesmo, aqueles cuxa formación na data de publicación deste real decreto estiver en curso de ser acreditada sen efectos académicos mediante a certificación a que se refire o parágrafo anterior, unha vez obtida esta, terán plena capacidade para desempeñar as funcións referidas nos artigos 36 e 37 do Real decreto 39/1997.

Igualmente, os técnicos de prevención de riscos laborais que, no seu día, obtiveron a certificación de formación equivalente expedida pola autoridade laboral, ao abeiro da disposición adicional quinta do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de servizos de prevención e demais disposicións

concordantes, seguirán tendo plena capacidade para desempeñar as funcións para as cales se certificou a súa formación.

**Disposición adicional segunda.** *Referencias ao aviso previo nas obras de construción.*

As referencias que no ordenamento xurídico se realicen ao aviso previo nas obras de construción deberán entenderse realizadas á comunicación de apertura.

**Disposición transitoria primeira.** *Especialidades e medios exixibles para a acreditación das entidades especializadas que actúen como servizos de prevención.*

As entidades especializadas acreditadas para actuar como servizos de prevención antes da entrada en vigor deste real decreto deberán estar en condicións de ser acreditadas nas catro disciplinas ou especialidades preventivas e contar coas instalacións e os recursos materiais e humanos a que se refire o artigo 18 do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, no prazo dun ano a partir da entrada en vigor deste real decreto.

Non obstante, a autoridade laboral, logo de informe, se é o caso, da sanitaria, en canto aos aspectos de tal carácter, poderá acreditar e permitir que durante un prazo de dous anos actúen como servizos de prevención alleos entidades especializadas que non contén con expertos na especialidade de Medicina do Traballo. Este prazo contarase a partir da entrada en vigor do real decreto a que fai referencia a disposición derradeira primeira.

**Disposición transitoria segunda.** *Servizos de prevención mancomunados.*

Os servizos de prevención mancomunados xa constituídos no momento da entrada en vigor desta norma deberán cumprir o disposto no artigo 21.3 do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, no prazo dun ano a partir da data de entrada en vigor deste real decreto.

**Disposición transitoria terceira.** *Concertos anteriores á entrada en vigor do real decreto.*

Os concertos entre empresas e servizos de prevención alleos vixentes no momento da entrada en vigor deste real decreto deberán adaptarse ao disposto no artigo 20.1 do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, antes do 1 de setembro de 2010.

**Disposición derogatoria única.** *Alcance da derogación.*

1. Queda derogada a disposición transitoria terceira do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.

2. Queda derogado o artigo 18 do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

3. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

**Disposición derradeira primeira.** *Acordo de criterios básicos sobre a organización de recursos para desenvolver a actividade sanitaria dos servizos de prevención.*

Os ministerios de Sanidade e Política Social e de Traballo e Inmigración, no prazo de catro meses a partir da entrada en vigor desta norma, aprobarán conxuntamente un real decreto que conteña o marco xurídico do acordo de criterios básicos sobre a organización de recursos para desenvolver a actividade sanitaria dos servizos de prevención, unha vez acordado polas autoridades sanitarias no marco do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde e oído pola Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.

**Disposición derradeira segunda.** *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habílitase o ministro de Traballo e Inmigración para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

**Disposición derradeira terceira.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de marzo de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Inmigración,  
CELESTINO CORBACHO CHAVES